

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONSORCIO TURISMO RIBEIRA SACRA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E FOMENTO DO TURISMO NA RIBEIRA SACRA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia ten previsto formalizar co Consorcio Turismo Ribeira Sacra, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 15 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por **obxecto**:

Establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Consorcio turismo Ribeira Sacra para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo.

Procúrase por unha banda, acadar unha imaxe uniforme e unificada en todos os establecementos turísticos do citado destino e por outra, mellorar a imaxe do xeodestino de cara o visitante mediante a posta en valor de espazos degradados.

As actuacións para conseguir a difusión dunha imaxe uniforme do destino Ribeira Sacra poderán consistir en:

Accións de mellora de estruturas mediante a execución de murais de exterior en puntos estratéxicos de afluencia de visitantes que reflictan de xeito artístico os emblemas, valores, recursos ou tesouros máis destacados da Ribeira Sacra.

Accións promocionais da Ribeira Sacra que se concretaran en :

1. Creación dunha imaxe homoxeneizada dos elementos visuais, distintivos do destino Ribeira Sacra que se utilizará como ferramenta de márketing



2. Promoción da utilización desta imaxe creada entre os establecementos turísticos do xeodestino de cara á percepción dunha imaxe unificada por parte dos visitantes

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que de conformidade co previsto no artigo 149 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, os concellos galegos poderán constituír consorcios locais entre si ou con outras administracións públicas para fins de interese común, ou con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrentes cos das administracións públicas, están dotados de personalidade xurídica propia e de capacidade para o cumprimento dos seus fins específicos que veñen determinados nos seus estatutos.

O artigo 2.1 da devandita Lei establece que “Gozan da condición de entidades locais non territoriais as mancomunidades de municipios, os consorcios locais e as entidades locais menores”.

Que no artigo 5 dos Estatutos do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, establécense como fins do mesmo: planificar, xestionar e promover o desenvolvemento turístico da zona, fomentar e desenvolver actuacións e actividades en materia turística coordinando todos os esforzos e iniciativas que se realicen cunha visión de conxunto no ámbito do consorcio, fomentar a promoción turística e as actuacións de posta en valor e de dinamización do sector turístico da zona entre outros.

Que os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, teñen competencias en materia de turismo.

Segundo.- Que o artigo 148.1.18 da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado, que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).



Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades promoción do turismo, programa 761A.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través de aquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Que no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Co obxecto de promover o turismo na Comarca da Ribeira Sacra, as partes consideran esencial colaborar na realización deste convenio xa que se trata dunha acción de interese común e con beneficios conxuntos. Todo isto, englobase ademais no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia, no seu programa 761A.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades posto que se trata dunha zona que dende o punto de vista turístico é un referente en Galicia e fóra dela, cunha alta proxección turística baseada no patrimonio cultural, a paisaxe e a enogastronomía. Estas accións enmárcanse nunha estratexia de perseverar nos territorios que xa tiveron plans de dinamización ou excelencia turística tratando de continuar coa colaboración interadministrativa e facer destinos turísticos singulares e diferenciadores que especialicen a súa oferta turística para enriquecer o conxunto de Galicia.

Terceiro.- A colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Consorcio Ribeira Sacra responde ao interese común de ambas as partes asinantes en desenvolver aquelas actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza e do turismo da Ribeira Sacra, de xeito que se contribúa á potenciación do territorio que configura o ámbito da comarca da Ribeira Sacra como destino turístico.



Cuarto.- A través deste convenio, outórgase ao Consorcio Turismo Ribeira Sacra unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A directora da Axencia de Turismo de Galicia

M^a Nava Castro Domínguez

